




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



No marco da reestructuración de competencias dos vicerreitorados da Universidade de Santiago de Compostela, e de conformidade co artigo 87 h) dos Estatutos da Universidade,

ESTE REITORADO RESOLVE

Primeiro.- Créase o vicerreitorado de Estudantes e Relacións Institucionais, en substitución do vicerreitorado de Estudantes.

Segundo.- Correspóndelle ao vicerreitorado de Estudantes e Relacións Institucionais as competencias que tiña encomendadas o vicerreitorado de Estudantes pola Resolución Reitoral do 11 de xullo de 2003, con excepción das relativas ao Servizo Universitario de Residencias e a supervisión das cafeterías e comedores universitarios, e delégase no seu titular a sinatura do reitor no tocante ás seguintes competencias atribuídas ao vicerreitorado de Comunicación e Proxección Exterior:


- a) Tódalas competencias relacionadas con programas europeos e de intercambio nacional e internacional.
- b) As convocatorias de axudas para mobilidade de estudantes e profesores cara ao exterior.
- c) A representación da USC nos procesos selectivos das bolsas Séneca.
- d) A convocatoria de bolsas pre e posdoutorais para iberoamericanos.
- e) A dirección operativa da Oficina de Relacións Exteriores.

Terceiro.- A substitución do Vicerreitorado de Estudantes polo Vicerreitorado de Estudantes e Relacións Institucionais supón o cambio de denominación do posto da secretaria de dirección do Vicerreitorado de Estudantes, coa consideración do mesmo posto de traballo.

Cuarto.- Delégase no titular do vicerreitorado de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria a sinatura do reitor no tocante á convocatoria e resolucións relativas ao proceso de selección no Servizo Universitario de Residencias, e á resolución das reclamacións do devantito Servizo, así como no tocante á supervisión das cafeterías e comedores universitarios.

Quinto. – Revócase a delegación de competencias aprobada por Resolución Reitoral do 11 de xullo de 2003 (DOG do 18 de agosto) no que se opoña á presente Resolución.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2004



O REITOR

Senén Barro Ameneiro